



TOMA DE POSESIÓN PROVISIONAL

ZONA DE REESTRUTURACIÓN PARCELARIA DE SANTO ESTEVO DE POL (POL, LUGO)

Con data 14 de febreiro de 2020 a Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural resolveu dar toma de posesión provisional dos predios de substitución da zona de concentración parcelaria de SAN ESTEVO DE POL (POL - LUGO) con data 1 de maio de 2020.

Como consecuencia da entrada en vigor do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID – 19, e as súas sucesivas prórrogas, a dita resolución de toma de posesión non puido desprezar os seus efectos polo que, sendo necesario sinalar unha nova data, a Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural, en cumprimento do que dispón o artigo 37 da Lei 4/2015, do 17 de xuño, de Mellora da Estrutura Territorial Agraria de Galicia, resolveu dar posesión provisional dos predios de substitución da zona de concentración parcelaria de Santo Estevo de Pol con data **1 DE OUTUBRO DE 2020**.

Para o caso de que se pretenda **retirar arborado**, a data límite é o día **01/02/2021**, debendo contarse co preceptivo permiso do Servizo de Montes, e xestionándose o aproveitamento con suxeición ao establecido no Decreto 50/2014, do 10 de abril e na Orde do 20 de abril de 2018 que modifica os seus anexos II, III e VI. (Información na dirección: <https://ovmediorural.xunta.gal/es/tramites/corweb> e mais no Distrito Forestal X, Comarca Forestal de Meira, Praza do Concello, s/n - 27420 Meira, teléfono 982870531. Recoméndase, na medida do posible, chegar a un acordo entre a anterior e a nova persoa propietaria.

No prazo de **dous meses** contados a partir do seguinte ao **01/10/2020**, poderá reclamar por defecto de superficie nas fincas a vostede atribuídas, xuntando unha medición pericial asinada por técnico competente, sobre diferenzas de superficie superiores a unha marxe de tolerancia variable entre a medición *in situ* e a que conste no boletín de atribucións dos novos predios, conforme ao que dispón o dito artigo 37.

IMPORTANTE: As persoas propietarias das parcelas de achega deben permitir ás persoas titulares das novas fincas o acceso ás mesmas para realizar a súa medición no prazo dos dous meses xa indicado.

Debe terse en conta que:

- A falta de superficie dunha finca non será compensada cando exista exceso de superficie no conxunto dos predios atribuídos á mesma persoa propietaria, e esta sexa suficiente para compensar en valor de puntuación o conxunto das atribucións.
- A falta de superficie en terreos de núcleo rural (total ou parcialmente) será compensada nesta mesma clase. No caso de non existir dispoñible terreo deste tipo e a mesma persoa titular ter exceso de superficie en terreos doutra clase, a compensación farase sobre ditos terreos.
- Non se admitirá reclamación no caso de que a finca obxecto da mesma coincida exactamente, na súa delimitación cartográfica, coa parcela achegada pola mesma persoa titular.
- Impedir ou obstaculizar a toma de posesión é considerada unha infracción moi grave (artigo 90 da Lei 4/2015), sancionada con multa de 1.501 a 6.000 euros.
- Sen prexuízo do indicado no punto anterior, a toma de posesión poderá darse, previo apercibimento, mediante compulsión directa sobre a persoa ou persoas que a impidan.

Os planos do acordo e as coordenadas dos marcos están accesibles na páxina web da Consellería do Medio Rural, na seguinte dirección, na sección “Publicacións”

<https://ovmediorural.xunta.gal/gl/consultas-publicas/concentraciones-parcelarias-procesos>

Lugo,

María Pérez Folgueira, Xefa do Servizo de Infraestruturas Agrarias de Lugo
(asinado dixitalmente)

